

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS.**

No Salón de sesións da Casa do Concello, ás vinte horas do día quince de abril de dous mil dezaseis, reúnese en primeira convocatoria o Concello – Pleno, cos concelleiros/as que se expresan seguidamente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do mes de abril; asistidos de min, Carlota González Navarro, secretaria xeral do Concello quen certifica, o expresado na presente acta.

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obreiro Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ

SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ

BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ

JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

Partido Popular-PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO

ESTEBAN GARCÍA ALONSO

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

MARÍA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño (U POR V)

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, entrase nos asuntos conforme á Orde do Día:

**I) PARTE DISPOSITIVA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 18.03.16 (ORDINARIA)**

A acta citada quedou aprobada polo Concello-Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade.

**2º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO  
EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 03/2016.-**

*/Ditaminada favorable en comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa en sesión de data 11 de abril de 2016/:*

**PROPOSTA DE ALCALDIA:**

“En aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquer causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondía, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente orzamento xeral da corporación (prorrogado) para o exercicio 2016.

PROVEEDOR/BENEFICIARIO	Nº FACTURA DATA	IMPORTE (EUROS)	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
EDITORIAL LA CAPITAL, S. L	SF14-343 16/01/2014	294,00	SUSCRIPCIÓN ANUAL DUN EXEMPLAR DIARIO DE FERROL ANUALIDADE 2014	920.22001
EDITORIAL LA CAPITAL, S. L	SF13-373 22/01/2013	294,00	SUSCRIPCIÓN ANUAL DUN EXEMPLAR DIARIO DE FERROL ANUALIDADE 2013	920.22001
INTERMAX TECHNOLOGY, S. L.	A/624 06/01/2012	35,60	SERVIZO DE INTERNET CENTRO DE MAIORES MES DE XANEIRO 2012	920.22200
INTERMAX TECHNOLOGY, S. L.	A/1286 06/02/2012	35,60	SERVIZO DE INTERNET CENTRO DE MAIORES MES DE FEBREIRO 2012	920.22200
INTERMAX TECHNOLOGY, S. L.	A/3537 14/05/2012	35,60	SERVIZO DE INTERNET CENTRO DE MAIORES MES DE MAIO 2012	920.22200
INTERMAX TECHNOLOGY, S. L.	A/2485 16/03/2013	36,51	SERVIZO DE INTERNET CENTRO DE MAIORES MES DE MARZO 2013	920.22200
INTERMAX TECHNOLOGY, S. L.	A/3328 20/04/2013	36,51	SERVIZO DE INTERNET CENTRO DE MAIORES MES DE ABRIL 2013	920.22200
INTERMAX TECHNOLOGY, S. L.	A/1659 10/02/2014	36,51	SERVIZO DE INTERNET CENTRO DE MAIORES MES DE FEBREIRO 2014	920.22200
INTERMAX TECHNOLOGY, S. L.	A/7932 22/09/2015	36,51	SERVIZO DE INTERNET CENTRO DE MAIORES MES DE SETEMBRO 2015	920.22200
INTERMAX TECHNOLOGY, S. L.	A/8822 23/10/2015	36,51	SERVIZO DE INTERNET CENTRO DE MAIORES MES DE OUTUBRO 2015	920.22200

ALUMINIOS EUROPA, S. C.	146 05/11/2015	540,00	SUMINISTRO DE 4,5 M. DE CHAPA DE ALUMINIO PARA OBRA EN CASA DA CULTURA	151.21200
PROYFE, S. L.	EMIT-2015-330 22/12/2015	3630,00	ASISTENCIA TÉCNICA SEGUIMIENTO PROGRAMA VIXILANCIA AMBIENTAL VERTEDOIRO MUNICIPAL R. S. U.	1621.22799
		5047,35		

Visto e considerando o informe emitido polo interventor accidental de data 31 de marzo de 2016 e considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas pola administración, foron executadas a satisfacción deste e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado.

Atendendo ao exposto, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2016 por importe de 5047,35 correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran nos seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

1.- Relación de facturas 3/2016 por importe de 5047,35 e que empeza pola factura nº SF14-343 de Editorial La Capital, S. L. e acaba pola factura nº EMIT-2015-330 de Proyfe, S. L.

**SEGUNDO.-** Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2016 os correspondentes créditos por importe de 5047,35 euros imputándoos ás aplicacións correspondentes segundo o sinalado no propio listado de facturas.

Valdoviño, 1 de abril de 2016

O Alcalde: D. Alberto González Fernández “

O Sr. Alcalde, tras nomear as facturas relacionadas no expediente, que están sen pagar, citar o seu importe, e indicar que o expediente se tratou no seo da comisión informativa, previa á sesión plenaria, anuncia se vai proceder á votación.

**O Pleno, en votación ordinaria e por maioría, acordou a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3/2016, conforme á proposta de Alcaldía transcrita.**

***Votaron a favor os concelleiros dos grupos municipais: PSdeG-PSOE, (6 votos) PP (4 votos) e U POR V (1 voto).***

***Abstiveronse os concelleiros dos grupos CENVAL (1 voto) e BNG (1 voto).***

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-**

Visto o informe INFORME- PROPOSTA SOBRE III MODIFICACIÓN DA “ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VALDOVIÑO” presentada polos servizos sociais municipais do seguinte contido:

E. L. M., Traballadora Social do Concello, en relación coa aprobación definitiva da modificación da Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar publicada no BOP de A Coruña N° 206, de data 28 de Outubro de 2015,

#### **INFORMA**

1. Que a Ordenanza definitiva foi remitida ao Servizo de Inspección da Xunta de Galicia para a o seu visado, tal e como obriga a normativa de referencia.
2. Unha vez revisada por ese Servizo, detectan un novo erro na táboa de copagamento de libre concorrencia xa que non se adapta ao establecido no artigo 62.1 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e notifican para a súa corrección.

Ante tal erro e coa necesidade de contar con urxencia coa Ordenanza en vigor

#### **PROPÓN**

En base ao informado no punto anterior, aprobar a modificación que se anexa ao presente informe tratándose de indicacións dadas polo órgano da Xunta competente na materia, de cara á consecución do visado da Ordenanza pola Inspección, así como para poder aplicala de xeito transparente en canto ao copago do SAF por libre concorrencia se refire.

Trala modificación proposta, o artigo queda redactado do seguinte xeito:

#### **Artigo 21.º.-Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.**

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 17 desta ordenanza.

<b>Capacidade Económica</b>	<b>Participación no custo do servizo SAF Básico</b>
Menor de 0,80 IPREM 0%	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,00 do IPREM	10%
Maior de 1,00 e menor ou igual a 1,15 do IPREM	12%
Maior de 1,15 e menor ou igual a 1,30 do IPREM	15%
Maior de 1,30 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	18%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,65 do IPREM	20%
Maior de 1,65 e menor ou igual a 1,80 do IPREM	25%
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2,00 do IPREM	30%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,15 do IPREM	40%
Maior de 2,15 e menor ou igual a 2,30 do IPREM	45%
Maior de 2,30 e menor ou igual a 2,50 do IPREM	50%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 3,00 do IPREM	60%
Maior de 3,00 e menor ou igual a 3,50 do IPREM	65%
Maior de 3,50 e menor ou igual a 4,00 do IPREM	70%
Maior de 4,00e menor ou igual a 4,50 do IPREM	75%
Maior de 4,50 e menor ou igual a 5,00 do IPREM	80%
Maior de 5,00 e menor ou igual a 5,50 do IPREM	85%
Maior de 5,50 IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

4. A cuantificación do prezo da hora do servizo determinarase aplicando a porcentaxe correspondente en función da súa capacidade económica sobre o custo por hora de

prestación do servizo que deba aboar o Concello á empresa adxudicataria do mesmo, en función do contrato asinado entre as dúas partes, e todo elo, polo número de horas de prestación do servizo.

O Alcalde-Presidente somete ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza do SAF segundo o precitado.

2º.- Someter a información pública o expediente de modificación da ordenanza citada mediante anuncio no taboleiro de Edictos do Concello por un prazo de 30 días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que consideren oportunas. En caso de que non houberse reclamacións, o acordo de aprobación da ordenanza ata agora provisional quedará elevado a definitivo e publicárase o seu texto no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

O Sr. Alcalde explica que a modificación da ordenanza, responde a unha esixencia da Xunta de Galicia feita aos servizos sociais do Concello, polo que se elaborou a proposta de modificación.

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza municipal do SAF do concello de Valdoviño, segundo o proposto.**

#### **4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, RELATIVA Á LEI 2/2016, DE 19 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA.-**

“Rosa Ana García López, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Valdoviño, ao amparo do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, presenta ante este pleno, a seguinte **MOCIÓN** relativa á Lei 2/2016, de 19 de febreiro, do Solo de Galicia.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Tendo en conta as especiais características socioeconómicas e morfolóxicas do noso concello, con explotacións agropecuarias moi vinculadas ós núcleos rurais e mesmo incluídas neles, sinalar, en relación coa Disposición Transitoria Cuarta “explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes” da nova Lei 2/2016, do 19 de febreiro, do Solo de Galicia, que:

- Na súa redacción actual prohibense as ampliacións das explotacións existentes nos núcleos rurais, limitando as mesmas ó solo rústico. Esta diferenciación parece penalizar ós municipios que teñen un importante número de explotacións en este tipo de solo, as cales con esta nova lei non se poderán modernizar nin ampliar.
- Evidencia moitas lagoas na súa redacción, en canto ás explotacións que, polo seu tamaño, estean edificadas parte en núcleo rural e parte en solo rústico.
- Limita o volume das posibles ampliacións a un máximo do 50% do volume orixinario da edificación nas explotacións situadas en solo rústico, e que non cumpren os parámetros recollidos no artigo 39 da lei. Sen entrar a valorar que non se define en ningures que se debe considerar “volume orixinario” o que supón unha enorme limitación á hora de acometer unha ampliación. Pola experiencia que temos nos concellos rurais galegos, a maior parte das explotacións, cando solicitan unha licenza de ampliación, superan ese 50%.

En base ó exposto compre **SOLICITAR A MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA** da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (correspondente coa Disposición transitoria décimo primeira da derogada Lei 9/2002), para permitir a modernización e ampliación de tódalas explotacións agropecuarias existentes nos termos da disposición transitoria 11ª da Lei 9/2002, co obxectivo de garantir a propia supervivencia dos núcleos rurais e a fixación de poboación, e que se poida continuar co modelo de desenvolvemento social e económico do noso concello.

Non parece o momento máis axeitado para poñer máis trabas burocráticas a unha actividade e a un sector que xa de por sí non atravesaba polo seu mellor momento.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista, dada a importancia que o **sector agrario** representa no noso concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva, e polo tanto de especial interese municipal, propón ó Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Instar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que proceda á modificación da Disposición Transitoria Cuarta da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sobre a base do texto recollido no apartado 1 da disposición décimo primeira da derogada Lei 9/2002, quedando redactada nos seguintes termos:

*“1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico ou en solo de núcleo rural que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, así como os serradoiros de madeira, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade, aínda que non estean amparadas nas preceptivas licencias municipais de edificación ou de actividade”.*

*2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención da licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións, e sen necesidade de cumprir os parámetros contemplados no artigo 39 desta Lei, agás no límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctas necesarias para garantir as condicións sanitarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe”.*

**Segundo.-** Remitir este acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como á Presidencia da Xunta de Galicia.

Voceiro/a do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.  
ALCALDE/PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL”.

#### DELIBERACIÓN

Sra. García López.- A moción ten como obxecto posibilitar que nas instalacións das explotacións agropecuarias sitas en solo rústico poida permitirse a súa ampliación ou a súa reforma.

Sr. Vigo Lago.- En anteriores leis xa estaba iso contemplado.

Sr. García Alonso.- Falase de medio rural, pero poder haber explotacións sitas en núcleo non rural e que causen molestias Non entendo ben o punto da exposición de motivos cando fala de non cumprir os parámetros contemplados no artigo 39 da Lei, porque terán que cumprilos. (Da lectura ao artigo 39 da Lei).

Sr. González Fernández.- Ao non teren licencia algunhas instalacións non poden proceder á ampliación, ese é o condicionamento. Antes había un recoñecemento das existentes. As explotacións están vinculadas a recursos diversos, de tipo agropecuario, mineral....

É unha lei que saiu rápido, sen consenso e esa é a razón das eivas que padecen. Recoñecen as eivas e o queren reparar cun decreto, pero iso non se fai así, porque as explotacións, moitas delas, quedan sen protección.

**O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da moción anteriormente transcrita, presentada polo PSdeG-PSOE relativa á Lei 2/2016, de 19 de febreiro, do Solo de Galicia.**

#### **5º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA AVANZAR NA LAICIDADE DO ESTADO NO ÁMBITO MUNICIPAL.-**

“Rosa Ana García López, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Valdoviño, ao amparo do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, presenta ante este pleno, a seguinte **MOCIÓN** sobre medidas para avanzar na laicidade do estado no ámbito municipal.



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A laicidade é un sinal de identidade que é consubstancial á soberanía do poder civil, á liberdade individual e á democracia. Reivindicacións históricas como a liberdade de conciencia e de cultos, a secularización dos cemeterios, o matrimonio civil e o divorcio, a liberdade de investigación, a educación laica e a non imposición da relixión no ensino ou a coeducación son conquistas dunha sociedade democrática e secularizada que hoxe son patrimonio compartido pola inmensa maioría da cidadanía.

Na última década, a igualdade de xénero, a regulación do aborto, o matrimonio de persoas do mesmo sexo, a investigación biótica e a educación para a cidadanía, toparon con fortes resistencias ante as que reafirmamos a liberdade de conciencia dos cidadáns e a soberanía do poder civil fronte a imposicións relixiosas.

As conviccións de conciencia, relixiosas, agnósticas ou ateas son asunto privado, de cada persoa, da súa liberdade individual. Cada persoa é titular do dereito de liberdade ideolóxica e relixiosa. Pero o exercizo da liberdade de conciencia e relixiosa ten unha transcendencia pública inevitable. O feito relixioso contén dimensións públicas, sociais, culturais e políticas. Por iso esixe unha política, con opción e propostas consecuentes, proporcionando garantías e regulando o seu exercicio de maneira constitucionalmente adecuada.

A coherencia dunha democracia constitucional esixe un compromiso firme coa laicidade do Estado e así debería figurar explícitamente na Constitución. A pesar da consolidación das liberdades constitucionais, no noso país perduran tres grandes problemáticas cuxa revisión debe afrontarse sen dilación: a asimetría da arquitectura xurídica do dereito de liberdade relixiosa, o trato de favor á Igrexa católica con discriminación para as minorías, e a permanencia de numerosos elementos de confesionalidade do Estado en actos, símbolos e espazos públicos.

É por iso que na nosa proposta de reforma constitucional contemplamos, entre outros aspectos, a supresión da referencia á Igrexa católica do art. 16.3 da Constitución, por tratarse dunha esixencia do principio de laicidade e por ser absolutamente innecesaria e perturbadora desde a perspectiva do principio de neutralidade e da igualdade das confesións ante o Estado.

Con independencia do curso que poida ter no seu día e no seu caso a reforma constitucional, o Estado non pode discriminar aos seus cidadáns por motivos relixiosos; e a cooperación coas confesións debe facerse de tal modo que salvagarde a laicidade do Estado, a liberdade e a igualdade de todos os grupos relixiosos e dos non crentes. A xestión pública da diversidade relixiosa por parte dos Concellos e Comunidades Autónomas é un poderoso instrumento para garantir en condicións de igualdade o exercicio da liberdade de conciencia, relixiosa e de culto.

A apertura de lugares e de culto, a xestión dos cemiterios, as condicións da asistencia relixiosa en hospitais e residencias ou as previsións urbanísticas deben adecuarse a unha cidadanía diversa e plural, incluíndo nestes mesmos espazos aos cidadáns que non son crentes.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello somete a votación esta MOCIÓN para adoptar os seguintes ACORDOS:

- 1- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a impulsar unha nova Lei de Liberdade de Conciencia e Relixiosa que garanta a toda a cidadanía o dereito á liberdade de conciencia, á liberdade relixiosa e á liberdade de culto, regulando as relacións coas diferentes confesións co fin estrito de respectar e protexer o dereito individual á liberdade relixiosa en pleno cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, pluralismo e non confesionalidade.
- 2- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a establecer, de acordo coa Constitución, unha escola pública laica como garantía dos valores públicos e de respecto das crenzas privadas. A escola debe integrar no seu currículo o ensino dos valores públicos que consideramos a base da nosa cidadanía e que por iso, han de ser cursados por todo o alumnado. De aí, que no modelo de escola pública non caiba a integración, nin no currículo nin no horario escolar, de ensinos confesionais. Para iso instamos a promover as reformas necesarias do marco legal actual, así como dos acordos internacionais.
- 3- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a reformar a regulación actual da LOMCE sobre valores sociais, culturais e éticos. A formación en contidos e valores de cidadanía non debe exporse de forma segmentada como se establece actualmente.
- 4- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a reclamar a titularidade do dominio ou doutros dereitos reais sobre os bens, que desde 1998 foron inmatriculados a favor da Igrexa católica, se dita inmatriculación se produciu sen a esixencia dun título material e previo que xustifique a titularidade ao seu favor do dereito real sobre o ben inmovible de que se trate, ou cando o mesmo sexa ou fose un ben non susceptible de propiedade privada por ser de dominio público, aínda no caso de que non estea catalogado formalmente como tal, se historicamente gozou desa presunción ou tratamento.
- 5- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a avanzar no establecemento do autofinanciamento das confesións relixiosas e establecer a fiscalidade xeral para aqueles bens das confesións relixiosas que non estean afectos a uso de culto ou social.

- 6- Conservar os símbolos relixiosos institucionais de edificios públicos cando se atopen en espazos destinados ao culto, ou cando formen parte dos elementos estruturais, estéticos ou artísticos da edificación ou monumento. Os demais, previa catalogación e ditame, retiraranse.
- 7- Instar ó Congreso dos Deputados e ao próximo Goberno de España a proceder á denuncia dos Acordos de 1979 entre España e a Santa Sé e, ao seu termo, establecer un novo marco de relación de acordo co principio de laicidade do Estado.

Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista, Asdo.

ALCALDE- PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL”.

## DELIBERACIÓN

Sra. García López.- A Constitución nestes aspectos ten que ser neutral, e a educación tamén. É grave que se avalie unha asignatura como é a relixiosa; porque ten que haber diversidade.

Sr. Ameneiros Serantes.- Prima a lóxica, sen entrar xa no tema relixioso, que é algo persoal. Outra cousa é que o Estado poña medios para o desempeño das diversas crenzas; pero debe separarse as Institucións da Igrexa, e non impartir a relixión coma materia e moito menos evaluable.

Sr. Bacorelle Robles.- Voume abster, porque non acerto a entender a presentación desta moción, sendo que o PSOE gobernou neste país.

Sr. Vigo Lago.- Non é obrigatorio cursar a asignatura da relixión.

Sr. Beceiro Rodríguez.- En bacharelato, segundo a rama que se escolla pode haber ou non a asignatura de relixión.

Sr. Vigo Lago.- Para mín a relixión é ao ONG máis importante do mundo, pola súa labor ao longo dos tempos.

Sr. González Fernández.- Dacordo co Sr. Vigo en que a relixión católica tivo moita importancia en España, pero evolucionouse e enriqueceuse a vida diaria tamén con outras relixións e debería haber convivencia de todas elas e corresponde ás Institucións fomentala. A relixión debe de ser unha opción, pero non unha obriga.

Sr. Rodríguez Fernández.- Preguntome que pasaría se a igrexa católica non fixera a labor social que fixo e está a facer.

Sr. Alcalde.- Sí, pero en países onde non está a igrexa católica tamén se da a labor social.

Sr. Ameneiros Serantes.- O estado é o que ten que cubrir as necesidades básicas da xente.

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría, acordou a aprobación da moción que antecede.**

*Votos a favor dos concelleiros dos grupos: PSdeG-PSOE, BNG, CENVAL.(8 votos)*

*Votos en contra dos concelleiros do grupo do PP: Srs. Vigo Lago, Rodríguez Fernández e Sra. Freire Aneiros. (3 votos)*

*Abstención do concelleiro Sr. García Alonso (PP) e Bacorelle Robles (U POR V).(2 votos).*

## **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

O grupo municipal do PP presenta a seguinte moción, xustificando a urxencia no feito de que a Xunta vai facer inversión para dotar de maior capacidade (30 megas) distintas zonas do territorio galego e coma Valdoviño ten zonas onde internet vai moi lento e sería bo aprobar a citada moción de solicitude á Xunta de dotación de maior capacidade cobertura ao término municipal.

**O Pleno da Corporación aprobou a urxencia da moción cos votos favorables de todos os concelleiros e en votación ordinaria.**

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-**

“O voceiro/concelleiro do Partido Popular, Valdoviño, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A comunicación é un elemento fundamental para o desenvolvemento dunha poboación como un factor imprescindible e clave para acadar os obxectivos de crecemento económico-social para o futuro, eliminar desigualdades sociais ou territoriais nas zonas menos favorecidas deste Concello.

A zona rural (Loira, Vilaboa, Pantín e Villarrube) e outras como Coval, Aviño, Sequeiro, etc, non teñen cobertura adecuada nin velocidade na rede de datos, mediante “Bucle de Abonado Dixital Así métrico” nin “4G”.

Tampouco se poden ver todas as canles de TV na zona de dependencia dos repetidores de Coval Valdoviño, Beceiros en Pantín e Agudo en Vilaboa ao non dispoñer de todos os existentes.

Por tanto, dada esta situación importante para a economía deste Concello e as súas zonas rurais, propoño ao Concello de Valdoviño a aprobación dos seguintes:

**ACORDOS**

**Primeiro.**- Solicitar á Xunta de Galicia, dentro do plan de Banda Ancha 2020, aprobado o día 1 de outubro de 2015 no Concello da Xunta, prioridade para dotación e equipamento aos citados núcleos de infraestruturas de acceso de banda ancha, Internet rápido e ultrarápido e en aplicación interoperables polo menos 30 Mbps a través de tecnoloxías tanto fixas como móbiles, como está previsto nos diferentes convenios, así como dotar os repetidores do resto de canles para recepción de todas as emisoras de TV, evitando a despoboación dos núcleos rurais comprometidos co sector primario.

**Segundo.**- Comprometerse a colaborar, facilitando as nosas instalacións, axilizar o investimento das operadoras que pretendan despregar as redes no termo municipal, simplificando os procedementos administrativos, a unha maior coordinación das obras civís, a unha maior transparencia e a unha maior colaboración para o abaratamento das instalacións de cable, fibra ou punto acceso sen fíos con obxecto de posibilitar o acceso á banda larga de calidade a todos os veciños, cun foco claro no ámbito rural.

Valdoviño a quince de abril de dous mil dezaseis.

Fdo. José A. Vigo Lago, voceiro/concelleiro do Partido Popular de Valdoviño.

V.S. Alcalde Presidente Corporación do Concello de Valdoviño”.

## DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde.- Non hai cobertura de internet na totalidade do término municipal, porque principalmente os operadores van onde hai poboación e por elo hai que instar á Xunta para que se preocupe deste axunto e hai que facilitar e axilizar as correspondentes licenzas.

Sr. Ameneiros.- Non sei a que se refire o punto segundo nen sei se o Concello o pode asumir.

Sr. Vigo Lago.- Pero é que existen repetidores que se poden usar. Neste senso, brindome a acompañar ao Sr. Alcalde e falar con “Antega”.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Pareceme unha boa proposta e teremos colaboración máxima.

Sr. Alcalde.- O concello de Valdoviño ten que facilitar pero tamén ten que valorar e facer unha ordenanza para cobramento da taxa correspondente. A Xunta tratou esta materia cun carácter electoralista.

**A moción transcrita, aprobouse polo Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade.**

## (II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

### **6º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA. RELACIÓN NÚM. 03/2016.-**

082	08-03-16	Recoñecendo ao funcionario de Escala de Administración Xeral, S.L.V. os atrasos por retribucións básicas (trienios) imputables ao exercicio 2015 por importe de 903,37 euros.
083	08-03-16	Aprobación expte. xeración crédito de importe de 83.957,49€ ao abeiro da subvención nominativa concedida pola Excma. Deputación da Coruña para realizar a obra “Mellora de seguridade na baixada o Ariño e mellora e mantemento doutros viais”.
084	09-03-16	Resolvendo remitir expte. administrativo relativo ao P.A 227/2015, ao Xulgado Contencioso-Admon. de Ferrol e encomendar a defensa do concello a asesor xurídico da Excma. Deputación Provincial.
085	09-03-16	Designación Comité de Expertos formado por arquitectos técnicos de Valdoviño, Ares e Cedeira, para informe sobre contratación servizo de limpeza de edificios municipais de Valdoviño.
086	09-03-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 10.03.16.
087	09-03-16	Aprobación de alta no servizo de Axuda no Fogar a don J.L.F. cunha prestación de 53 horas ó mes e cunha cota de 2,01 €/hora, conforme a proposta da traballadora social do Concello.
088	10-03-16	Concédeselle ao funcionario S. M. P. o día 11 de marzo de 2016, coma de asuntos propios (correspondentes á anualidade de 2015).
089	10-03-16	Aprobación das altas e as ampliacións no servizo de Axuda no Fogar dos peticionarios: J.G.R., M.F.R., J.L.L., S.F.L. en base aos informes da traballadora social do Concello.
090	14-03-16	Aprobación de extinción de Servizo de Axuda no Fogar por causa de falecemento ao usuario JP .P.A.
091	14-03-16	Concédenselle ao funcionario A.V. H. os días 21, 22, 23, 28, 29 e 30 de marzo de 2016 coma de asuntos propios (correspondentes ao exercizo de 2015).
092	14-03-16	Concédeselle o funcionario S. L. V. o día 15 de marzo de 2016 (correspondente á anualidade de 2015) e 16 de marzo de 2016 (correspondente á anualidade de 2016), coma de asuntos propios.
093	14-03-16	Resolución estimatoria de alegacións de dous expedientes sancionadores de tráfico. Importe total: 400 €.
094	15-03-16	Revogando nomeamento de corredor único do programa de seguros do Concello suscrito con CxG Willis Corporación Caixa Galicia e nomeando como tal corredor a Abanca Mediación, Correduría de Seguros Generales, S.A. con efectos dende o 15 de marzo de 2016.
095	15-03-16	Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 18.03.16.
096	15-03-16	Concédenselle á funcionaria deste Concello R. D. G. os días 21 e 28 de marzo de 2016 coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015).
097	15-03-16	Resolvendo non interpoñer recurso contra resolución da Xª de

		Galicia de reintegro subvención para execución de actuacións de interese social (115.590,73€ euros), concedida dentro do Fondo Estatal para Emprego e Sustentabilidade Local.
098	15-03-16	Concédenselle o funcionario deste Concello R. C. B. os días 17 de marzo e 1 de abril de 2016 coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015).
099	15-03-16	Concédenselle ao traballador deste Concello D.A. C. S. os días 22 e 23 de marzo coma de asuntos particulares (correspondentes á anualidade de 2016).
100	15-03-16	Solicitude subvención a Excm. Deputación Provincial da Coruña para o Programa “Limpeza de praias anualidade 2016”. (contratación directa para tarefas de limpeza dos areas durante o periodo comprendido entre o 15 de xuño e 15 de setembro de 2016).
101	15-03-16	Aprobación de expediente de modificación de créditos do vixente orzamento do ano 2016, prorrogado do ano 2014 (nº 2/2016) por un importe total de 68.219,80 euros.
102	16-03-16	Corrección erro material en decreto de alcaldía nº 72/2016. Onde di “60 euros” (dentro do apartado do importe da factura nº 2016/0036), debe dicir “120 euros” e na derradeira páxina, onde di: “3693,60 euros” (dentro do apartado do importe total das obrigas recoñecidas), debe dicir “3.753,60 euros”.
103	16-03-16	Aprobación da proposta do Tribunal, efectuar o nomeamento a favor de don Oscar .Novo Martínez para o desempeño da praza de operario de maquinaria baixo a modalidade de contrato laboral temporal e creación de bolsa de emprego.
104	16-03-16	Concédenselle o funcionario deste Concello C. A. G. os días 21,22 e 23 de marzo coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015).
105	16-03-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 17.03.16
106	16-03-16	Concédesele o funcionario deste Concello S. L.V. o día 18 de marzo/2016 coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2016).
107	17-03-16	Concédesele a funcionaria deste Concello P.R. R. o día 18 de marzo/2016 coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015).
108	18-03-16	Ordeando a promotor a suspensión inmediata de obras que se executan no lg. De O Calvario-Loira e acordos derivados.
109	18-03-16	Nomeando ao funcionario Senén Martínez Prieto como interventor accdtal, trala Resolución de nomeamento da Dirección Xª de Admon. Local.
110	18-03-16	Aprobando presentación de solicitude do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais.
111	18-03-16	Aprobase a reanudación do SAF ás usuarias mencionadas no decreto, tralo informe da traballadora social do concello.

112	21-03-16	Aprobase a extinción do Servizo de Axuda no Fogar á usuaria R.M.P. tralo seu falecemento.
113	22-03-16	Resolución sobre 1 expte. sancionador en materia de tráfico. Importe principal: 200€.
114	23-03-16	Ordeando á promotora suspensión inmediata de obras que se executan no lugar da Paseo da Lagoa-Valdoviño, e adopción de acordos derivados.
115	23-03-16	Aprobase a extinción do Servizo de Axuda no Fogar á usuaria A.N.G. tralo seu falecemento.
116	28-03-16	Aprobase gasto e autorízase pagamento de axudas por gastos médicos a funcionarios, segundo acordo regulador, cun importe total que ascende a 312,08 euros.
117	28-03-16	Concedeselle á funcionaria MC. L. R. o día 28 de marzo/2016 coma de asuntos propios (pertencentes á anualidade 2015).
118	28-03-16	Aprobando as cotas- prezo público- por prestación do SAF de febreiro do 2016. Importe total: 6.096,84 euros.
119	29-03-16	Solicítase subvención á Axencia de Turismo de Galicia para “Mellora da accesibilidade da praia marítima de Pantín e da praia fluvial As Forcadas en Valdoviño” por importe de 35.162,24 euros.
120	29-03-16	Aprobase o gasto e autorízase o pagamento de facturas contidas nas relacións anexas ao decreto. Importe total: 56.352,28 euros.
121	29-03-16	Aprobanse as retribucións dos funcionarios do mes de marzo, cun bruto de 58.074,26€; igualmente do persoal laboral por 4.113,92 euros, e as dos concelleiros a abonar neste mes de marzo por sesión e locomoción, cun total de 3.859,54€.
122	29-03-16	Concedenselle á funcionaria P.R.R. os días 1 e 12 de abril/2016, coma de asuntos propios (pertencentes ao ano 2015).
123	29-03-16	Aprobando expediente de modificación de créditos nº 04/2016, por incorporación de remanentes. Importe: 122.975,93€.
124	30-03-16	Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local de 31.03.16
125	30-03-16	Resolución de inicio de 2 exptes. sancionadores de tráfico. Importe principal: 400€; bonificado: 200€.
126	30-03-16	Concedeselle ao funcionario S.L.V. o día 2 de abril de 2016 coma de asuntos propios.
127	01-04-16	Resolvendo aprobar altas e ampliación do Servizo de Axuda no Fogar aos usuarios que constan no decreto, conforme a informe da Traballadora Social do Concello.
128	04-04-16	Concedeselle á funcionaria MC. L. R. o día 4 de abril de 2016 coma de asuntos propios (correspondente ao ano 2015).
129	04-04-16	Aprobase liquidación do Servizo da Axuda no Fogar á usuaria falecida dona C.M.G. Importe: 183,60€.
130	04-04-16	Concedenselle á funcionaria R. D.G. os días 4, 11 e 18 de abril de 2016 coma de asuntos propios (correspondentes á anualidade 2015).



131	04-04-16	Aprobese o gasto e autorizase o pago segundo relacións anexas ao decreto, cun importe bruto de 25.100,41 euros.
132	05-04-16	Desestimando alegacións presentadas por interesado, en relación ao procedemento de reposición da legalidade urbanística nº 3/2015, incoado mediante decreto Alcaldía 326/2015.
133	06-04-16	Convocatoria sesión ordinaria Xunta de goberno local de 07.04.16

### **O Pleno tomou coñecemento dos decretos contidos na relación 3/2016.**

#### **7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Previamente á intervención dos grupos municipais, o Sr. Alcalde informa de:

.- O Concello ten concedida subvención do Fondo de Compensación Ambiental o que nos permitirá adquisicións como remolque para tractores e contratación de persoal para traballos coma a limpeza de cunetas, acondicionamento de zonas...

.- Valdoviño ten subvención para monitor deportivo para este ano, polo que se comezaron os trámites para a súa contratación (aprobación das bases, convocatoria e remisión de anuncio a BOP, enviado no día de hoxe).

.- Pedirase no seu día aos grupos propostas respecto a sendas peatonais, que non nos chegaron, pero fixemos nós (grupo de goberno) unhas que imos executar (completar espazos de sendas dende Lago a Meirás e si se pode ata O Val).

.- Tratouse no seo da Mancomunidade de Municipios a sinatura de convenio para Casa de Acollida (Vítimas da violencia de xénero), e teremos que valorar cando coñezamos o importe da achega, a incorporación de Valdoviño a ese Convenio.

.- Respecto ao Plan de Turismo (houberá reunión no seu día dos Secretarios dos concellos desta comarca), agora anunciáronse modificacións.

.- A Deputación, vai levar a Pleno a aprobación dun Plan de Emprego, cunha proposta na que se destinan a este Concello 43.000 euros.

#### **INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).- SR. AMENEIROS SERANTES.- (\*)**

\*.- Reclamo que entre todos insistamos na consecución da escola infantil en Valdoviño. A Xunta anunciou a creación dun elevado número de prazas pero me temo que se van orientar á privatización.

Sr. Alcalde.- Mantemos a importancia de contar cunha gardería e espero unha resposta neste mes do Conselleiro de Política Social, que mostrou unha boa disposición para resolver, pero tamén é verdade que temos que contar coas posibilidades económicas do Concello.

\*.- ¿Fíxose o estudio sobre as emisións en Montefaro?

Sr. Alcalde.- Non. Pero a veciñanza mostrou a súa preocupación.

Sr. Vigo Lago.- Coñecer a presenza de radón é moi importante e poderíase aproveitar para facer estudio ademais de nesa zona de Montefaro nos edificios municipais.

Sr. Alcalde.- A propia natureza do granito existente na zona de Montefaro, motiva a presenza de elementos coma o radón.

\*.- Faigo suxerencia para que no Centro de Saúde, se melloren as instalacións. Refírome á colocación de portas automáticas que faciliten o acceso ao Centro, á adecuación da accesibilidade ao mesmo e se mellore a posibilidade de aparcamento na zona, que constitúe un serio problema.

Sr. Alcalde.- A situación é complicada. Falouse cos responsables do propio Centro de Saúde e teñen dúbidas en facer os cambios.

Houbo visita do Xerente da Rede Sanitaria para unha posible ampliación do espazo. De todas formas vaise estudar e falouse cos técnicos municipais de facer o Concello un pequeno proxecto de melloras.

Sr. Rodríguez Fernández.- Dentro de dous anos, vai asumir a Xunta todo o mantemento do Centro de Saúde.

\*.- Insto a que Valdoviño conte cunha praia certificada accesible.

\*.- Solicito que se considere a posibiliade de que o mantemento eléctrico (alumeado público) se leve directamente polo Concello.

Sr. Alcalde.- Xeraría un problema de inversión para o Concello.

\*.- Do mesmo xeito, solicito valorar que o Servizo de recollida do lixo se faiga polo Concello, con persoal propio.

Sr. Alcalde.- Valorarase.

\*.- Rogo que o Concello contacte con algunha Organización para realizar recollida de alimentos, roupa... para os refuxiados que agora están en Grecia.

\*.- Reitero a petición feita na anterior sesión plenaria de amaño de fochanca na estrada á igrexa en Meirás.

\*.- Rogo a colocación dalgúns paneis informativos en puntos das parroquias do municipio.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CENVAL.- SR. BECEIRO RODRÍGUEZ.- (\*)

\*.- ¿Cando se vai comezar a contratación do socorrismo?

Sr. Alcalde.- Imos aprobar os pregos e quitar a licitación do servizo por procedemento aberto.

\*.- Lembro a necesidade de que as empresas reparen as pistas antes de que remate o prazo de garantía das obras que executaron.

\*.- Reitero a petición de informe completo dos gastos do Cameleiro.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- SR. VIGO LAGO.- (\*)

\*.- ¿Vai actuar dalgún xeito o Concello en elación á prevención dos incendios forestais?

Sr. Alcalde.- Sí, con tarefas de limpeza.

\*.- ¿Avanzouse na nominación das rúas?

Sr. Alcalde.- Imos recuperar a proposta de nominación baseándonos na toponimia de Valdoviño.

\*.- Sería interesante a adhesión deste Concello á campaña do leite galego 100%.

Sr. Alcalde.- Sí, pero a situación débese en parte á política que estivo facendo a Xunta neste sector, pero a adhesión a campaña é unha boa cuestión.

\*.- ¿Valdoviño está adherido ao Convenio coa Xunta para erradicar a avispa velutina?

Sr. Alcalde.- É un convenio da FEGAMP coa Xunta. Precisamente, hoxe informamos a través de correo electrónico á FEGAMP das actuacións realizadas polo Concello con medios propios.

\*.- ¿Realizouse a transformación e sinalización dos aparcadoiros- zona azul- en Valdoviño?

Sr. Alcalde.- Non chegou todo o material preciso.

\*.- Non me resisto a perder a subvención do saneamento a Montefaro, había un proxecto e nos confirmaran que íamos ter os cartos.

Sr. Alcalde.- Falei deste proxecto con responsable de Augas de Galicia.

Sr. Vigo López.- Hai que falar co Director de Infraestruturas.

Sr. Rodríguez Fernández.- O diñeiro é subvención da Consellería. Son 250.000 euros.

Sr. Alcalde.- Vou actuar neste tema.

\*.- Me trasladaron que non se está pagando o aluguer do local de maiores.

Sr. Alcalde.- O descoñeza pero consultarei coa área de intervención.

\*.- O panel informativo da Porta do Sol, ten mala visibilidade, porque se confunde a letra e o fondo, rogo se corrixa esta situación.

Sr. García Alonso.- ¿Avanzouse algo no tema da Lagoa?

Sr. Alcalde.- Non se avanzou nada. A través de axudas de Turismo pidiuse unha mellora da zona e tamén unha mellora (ampliación) do camiño ás Forcadas e vaise amañar o pavimento de Ariño a Marnela.

Sr. Rodríguez Fernández.- ¿Tivemos un coche prestado para a Policía Local?

Sr. Alcalde.- Sí, da Dirección Xeral de Tráfico para o regulamento do mesmo e control da velocidade, instalado como medida disuasoria, non recadatoria.

*/A petición do Sr. Alcalde, o Oficial da Policía Local toma a palabra para explicar aos presentes o resultado do control do tráfico feito/.*

Sr. Vigo Lago.- ¿Pediuse subvención para a Casa da Cultura?

Sr. Alcalde.- Si están chegando aograzas varias concesións.

Sr. García Alonso.- Insto a que se convoque e celebre reunión con todos os grupos municipais para estudio do problema da Lagoa da Frouxeira e rogo se solvente o mal estado de pistas como en Sequeiro por acumulación de escombros.

Rematados os asuntos da Orde do Día, e sendo as vinte e dúas horas deste día, o Sr. Alcalde-Presidente, anuncia o remate da sesión e procede ao seu levantamento. Do que como Secretaria, extendo a presente acta e CERTIFICO.

V. e Pr.  
O Alcalde,

A Secretaria,